

## **O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia estrea nova web e edición dixital da revista especializada *Cadernos de Psicoloxía***

*Santiago, 7 de febreiro de 2014.* O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia vén de publicar a revista especializada *Cadernos de Psicoloxía* a través da súa nova plataforma dixital <http://cadernos.copgalicia.org/>. Estréase así co número 34, dedicado á memoria, e inclúe ademais as dúas edicións anteriores.

O formato desta nova plataforma foi concibido pola deseñadora Uqui Permui, que destaca a increíble evolución desta revista que naceu antes de que existisen sequera os ordenadores: *“Pasouse dun estilo de edición con collage, a estar considerando de continuo o deseño para darlle as maiores facilidades ao usuario dixital”*.

O número 34 da publicación é o primeiro que abandona o papel para saír só en formato dixital. *“Cadernos é unha revista de estudo, así que se primou a edición dixital para que cumpra o mellor posible coa súa función de facilitar o acceso ao material”* –explica a deseñadora da plataforma, que destaca entre as novas ferramentas, a do buscador por palabras clave– *“Antes había que descargar a revista completa. Os que máis empregan os contidos destes cadernos son investigadores, docentes e estudantes. A revista conta agora cun deseño pensado e adaptado a eles”*.

*Cadernos de Psicoloxía* recolle desta volta os artigos de varios autores sobre a memoria, nalgúns casos centrados no estudo e na intervención sobre o recordo de outros, ou a través do exercicio da elaboración pública da memoria persoal. Estes eidos son fundamentais para os profesionais que traballan con procesamentos mentais básicos, con experiencias traumáticas ou os que axudan a construír novos esquemas de funcionamento non condicionado.

## **Novo deseño para a páxina web**

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia estrea ademais deseño para a súa páxina web <http://copg.copgalicia.org/> . Nesta nova presentación, ademais dun aspecto mellorado, logrouse un salto cualitativo na organización dos contidos.

A páxina do COPG inclúe documentación relativa ás seccións do Colexio, ao marco legal vixente, a cursos e formación, revista de prensa, etc. Isto suma un volume amplo de información que agora figura reorganizada e cunha arquitectura global sinxela. *“Pretendemos que sexa unha web doada e intuitiva, que se poida empregar como unha ferramenta de traballo”*, sinala a deseñadora Uqui Permui.

## **Saúdos,**

Se desexan **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Raquel Miranda

634 599 932

[comunicacion@copgalicia.org](mailto:comunicacion@copgalicia.org)